

Juan Rof Codina

Renovación na veterinaria e gandería galega contemporánea

Diego Conde Gómez


XERAIS UNIVERSITARIA (1327141)

320 páxinas

ISBN: 978-84-9914-342-2

P.V.P: 19,00 €

NOVIDADES MAIO 2015



«JUAN ROF CODINA. RENOVACIÓN NA VETERINARIA E GANDARÍA GALEGA CONTEMPORÁNEA»

UNHA OBRA ONDE SE RECOLLE E SE PON EN VALOR, NON SÓ A OBRA HEMEROGRÁFICA DE ROF CODINA, SENÓN QUE TAMÉN SE RECUPERA UNHA PARTE IMPORTANTE DA MEMORIA GRÁFICA PARA A HISTORIA AGROPECUARIA GALEGA.

Os cambios que se produciron no campo galego entre o século XIX e o XX, non poden ser entendidos sen o coñecemento da labor de persoas e colectivos, que loitaron por introducir e difundir no noso país os novos progresos técnicos que viñan do resto de España e Europa, sacando a Galicia da crise agraria de fins do século XX. Neste libro faise un percorrido sobre as transformacións que durante este período se levaron a cabo na Gandería e Veterinaria galega, de mans do que foi un dos seus principais promotores, Juan Rof Codina (1874-1967). Co seu labor pedagóxico soubo canalizar as inxerencias de renovación que agromaban no ámbito agropecuario, e reivindicar o papel protagonista que a profesión veterinaria demandaba para a súa dignificación. Nesta obra pioneira nos traballos históricos sobre a Veterinaria galega faise un estudo crítico e multidisciplinar da figura do que ata agora estaba considerado como o factótum dos progresos técnicos e da mellora da gandería galega. Unha obra, pois, onde se recolle e se pon en valor, non só a obra hemerográfica de Rof Codina, senón que tamén se recupera unha parte importante da memoria gráfica para a historia agropecuaria galega, a través das achegas do seu fondo fotográfico.

Diego Conde Gómez (Ourense, 1977) é doutor en Veterinaria e membro colaborador do Grupo de Investigación de Historia Agraria e Política do Mundo Rural (HISTAGRA) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), así como da Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA). No ano 2013, foi o gañador do IX Premio de Ensaio “Manuel Murguía” da Deputación da Coruña coa obra *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*. Ten publicado, ademais de numerosos artigos e comunicacións en torno á Historia da Gandería e a Veterinaria en revistas e congresos, traballos en obras colectivas como *25 anos da Facultade de Veterinaria* (2009, USC), *Os animais domésticos na historia de Galicia* (2008, TresCtres) ou *A Gandería, tesouro de Galicia* (2006, Museo do Pobo Galego). *Juan Rof Codina. Renovación na veterinaria e gandería galega contemporánea* (Xerais 2015) é o seu primeiro libro.